1. *Se constituirá una comisión de seguimiento, vigilancia y control que, formada por tres miembros de cada parte, será presidida por el Gerente o el funcionario en quien delegue. Con independencia de las funciones concretas que le asignen las demás cláusulas de este Convenio, resolverá las cuestiones que se planteen en cuanto a su interpretación y cumplimiento, de conformidad con lo establecido en el Real Decreto 417/2006, todo ello sin perjuicio de la facultad de la Dirección General del Catastro de llevar a cabo las actuaciones de comprobación que se estimen oportunas respecto del ejercicio de las facultades encomendadas. Asimismo, podrá determinar la relación de expedientes y tareas propias del presente Convenio que hayan de ser asumidos puntual y transitoriamente por la Gerencia, siempre que las circunstancias lo aconsejen.*

Especialmente, deberá emitir informe previo sobre las condiciones de la contratación que pueda realizar la Diputación con alguna empresa especializada, de conformidad con lo

señalado en el apartado 1 de la cláusula duodécima. Igualmente, informará las distintas ofertas recibidas por aquél, con anterioridad a la adjudicación del contrato.

2. *La comisión de seguimiento, vigilancia y control deberá constituirse formalmente en un plazo máximo de un mes desde la formalización del presente Convenio. Dicha comisión celebrará cuantas sesiones extraordinarias sean necesarias para el cumplimiento de sus fines, previa convocatoria al efecto de su Presidente, por propia iniciativa o teniendo en cuenta las peticiones de los demás miembros. En todo caso, esta comisión se reunirá ordinariamente una vez al año, con el fin de verificar y comprobar el resultado de las obligaciones contraídas y de establecer las directrices e instrucciones que considere oportunas.*

Esta comisión ajustará su actuación a las disposiciones contenidas en la Sección 3ª del Capítulo II del Título Preliminar de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.

DECIMOQUINTA. INCLUSIÓN Y EXCLUSIÓN DE MUNICIPIOS.

Este Convenio será de aplicación a los municipios que se relacionan en el Anexo I. Para aquellos municipios que con anterioridad a la entrada en vigor del presente Convenio tuviesen suscrito con la Dirección General del Catastro un convenio de colaboración cuyo objeto principal fuese alguna de las funciones encomendadas en el Convenio que ahora se formaliza, continuará vigente el convenio entre el respectivo ayuntamiento y la Dirección General del Catastro y en consecuencia la Diputación sólo asumirá el ejercicio de las funciones que no sean objeto del convenio suscrito entre este Centro Directivo y el Ayuntamiento.

A fin de proceder a la actualización automática de los municipios incluidos o excluidos del ámbito de aplicación del presente Convenio, en función de que la gestión tributaria del Impuesto sobre Bienes Inmuebles se encuentre delegada o no en la Diputación, se determina el siguiente procedimiento:

a) *Una vez adoptado por el Ayuntamiento correspondiente el acuerdo plenario de delegación de la gestión tributaria del Impuesto sobre Bienes Inmuebles a favor de la*

Diputación, ésta procederá a la aceptación de la delegación conferida mediante acuerdo plenario en ese sentido, notificándose éste último, para su conocimiento, a la Gerencia a través de copia certificada. Transcurrido un mes desde la notificación de la aceptación de la delegación, se entenderá que el municipio delegante se encuentra incluido en el ámbito de aplicación del presente Convenio.

b) Cuando se produzca la denuncia del acuerdo de delegación de la gestión tributaria del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, bien por el Ayuntamiento delegante, bien por la Diputación, se remitirá copia certificada del correspondiente acuerdo plenario a la Gerencia, entendiéndose que, en el plazo de un mes, ese municipio quedará excluido del ámbito de aplicación de este Convenio.

En este caso, los expedientes pendientes de tramitación en la fecha en que deba entenderse producida la exclusión a que se refiere el párrafo anterior continuarán siendo competencia de la Diputación hasta su completa resolución. Por otra parte, los documentos que tengan entrada a partir de dicha fecha serán remitidos sin más trámite a la Gerencia.

c) No obstante lo dispuesto en los apartados anteriores, las partes que suscriben el presente Convenio podrán determinar, de mutuo acuerdo, los supuestos en los que, de forma excepcional, no se aplicará el procedimiento de actualización automática.

Dicho acuerdo deberá adoptarse de forma expresa en el plazo de un mes establecido en los apartados a) y b) de esta cláusula.

En cualquier caso, si con posterioridad a la firma de este Convenio algún Ayuntamiento incluido en el ámbito territorial de aplicación del mismo suscribe un convenio de colaboración directamente con este Centro Directivo, la Diputación seguirá asumiendo el ejercicio de las funciones que no sean objeto de ese convenio posterior, si las hubiere.

DECIMOSEXTA. RESOLUCIÓN DEL CONVENIO ANTERIOR.

Las partes manifiestan y suscriben su común voluntad y acuerdo de resolver el Convenio formalizado por ellas en fecha 15 de marzo de 1999, que queda extinguido.

Así, resuelto el anterior, la suscripción del presente Convenio viene a sustituir aquel instrumento de colaboración.

DECIMOSÉPTIMA. ENTRADA EN VIGOR Y PLAZO DE VIGENCIA.

1. *El presente Convenio, de conformidad con lo establecido en el artículo 66 del Real Decreto 417/2006, obligará a las partes desde el momento de su firma y extiende su vigencia inicial hasta el de de, prorrogándose tácitamente por sucesivos períodos anuales, mientras no sea denunciado. El presente Convenio sustituye al anterior Convenio suscrito el 15 de marzo de 1999, que queda resuelto.*

2. *El cumplimiento de los objetivos contractuales establecidos en el presente Convenio podrá suspenderse, una vez sea eficaz y dentro del plazo de vigencia, total o parcialmente y de mutuo acuerdo, por un periodo no superior a tres meses. El transcurso de este plazo sin que se produzca su funcionamiento, causará la resolución automática del mismo.*

El Convenio podrá suspenderse, asimismo, total o parcialmente y de mutuo acuerdo, por un plazo no superior a un año, cuando concurren circunstancias técnicas, presupuestarias o de cualquier otra índole que así lo justifiquen, según establece el artículo 66 del Real Decreto 417/2006.

3. *La denuncia del Convenio, según establece el artículo 67 del Real Decreto 417/2006, podrá formularse por cualquiera de las partes, previa comunicación a la otra con una antelación mínima de un mes, transcurrido el cual se producirá la extinción de la relación convencional. No obstante, en el supuesto de que la otra parte manifestara su oposición a la denuncia, se abrirá un período de consultas durante veinte días naturales en el que la comisión de seguimiento, vigilancia y control procurará el acuerdo entre las partes. De no producirse este acuerdo, quedará extinguido el Convenio una vez transcurrido el período de consultas.*

4. *En caso de producirse la extinción anticipada del Convenio, los expedientes en tramitación serán resueltos por la Diputación, salvo que la Gerencia estime conveniente hacerse cargo de todos los expedientes pendientes con independencia del estado de tramitación en que se encuentren.*

CLÁUSULA TRANSITORIA.

Para la ejecución de las tareas contempladas en el presente Convenio, la entidad colaboradora deberá emplear las aplicaciones, formatos y sistemas de comunicaciones que al efecto establezca la Dirección General del Catastro, y acceder a través de los correspondientes programas y líneas de comunicaciones, cuya instalación y mantenimiento será por cuenta de dicha entidad colaboradora.

CLÁUSULA ADICIONAL.

Con carácter complementario a las obligaciones establecidas en el presente Convenio, la Diputación se compromete a entregar a la Gerencia, a efectos estadísticos, los datos resultantes de la gestión tributaria del Impuesto sobre Bienes Inmuebles y los establecidos en el artículo 69 del Real Decreto 417/2006.

Por otra parte, de conformidad con el artículo 8.1.b) de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, las partes deberán hacer pública la relación de los convenios suscritos y encomiendas de gestión, en los términos y condiciones indicados por la Ley.

Y en prueba de conformidad, suscriben el presente Convenio en duplicado ejemplar en el lugar y fecha anteriormente indicados.

5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E DA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO N.º 4/2021.

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que neste punto o seu grupo se vai abster, se ben queren facer unha crítica construtiva á modificación solicitada polo concello de Cortegada, posto que a subvención concedida para execución de vestiarios no campo de fútbol, e agora preténdese a modificación para aluguer de vestiarios para o ano 2021. Sinala que isto non ten moito sentido nun ano no que non hai competicións e que non se soluciona o problema de fondo, polo que non se optimiza o gasto dos recursos públicos. Respecto á Festa

da Saínza sinala que xa se debera ter como beneficiario á asociación e non ao concello, como se ten feito outros anos.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta que o seu grupo votará a favor de acordo co respecto pola autonomía municipal.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza manifestando que existe un erro na transcripción da súa intervención na comisión informativa de economía e facenda, pois el o que fixo foi facer súas as verbas do interventor cando este manifestou que o beneficiario da subvención para a organización da romaría da Sainza pasa de ser o concello a ser á asociación, como se ven facendo nos últimos anos. Con respecto ao tema do campo de fútbol de Cortegada manifesta igualmente que o BNG, que ese investimento en alugar un vestiario non parece moi acaído dende o punto de vista do uso eficiente dos recursos públicos. Para rematar sinala que o seu grupo se vai abster neste punto.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Indica que se trata dun expediente de modificación do orzamento corrente e das súas bases de execución. Respecto á petición do concello de Cortegada sinala que o importante será a xustificación da subvención, polo que pide que non se prexulgue, como fixeron algúns dos grupos que o antecederon no uso da palabra. Respecto á modificación da subvención para a organización da romaría da Sainza sinala que isto xa pasou máis veces, como se indicou, e que non lle ve maior problema. Sobre a modificación do concello de Nogueira de Ramuín sinala que se trata de especificar o obxecto da subvención, e que é un simple formalismo. En todo caso sinala que se trata de modificacións, todas elas, que non supoñen un aumento no capítulo de gastos do orzamento provincial.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para sinalar que seguramente se poida xustificar a subvención polo concello de Cortegada, pero que non parece moi acaída dende o punto de vista da xestión dos fondos públicos, xa que non se soluciona o problema de fondo e simplemente se pon un parche.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Insiste en que os concellos terán a súas razóns pero que eles non van fiscalizar a actuación dos concellos neste punto.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourenseana (2) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense n.º 4/2021, co seguinte detalle:

Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo VII de gastos, consistente nas seguintes variacións que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2021:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” nas bases de execución dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, aparece unha subvención nominativa ao **Concello de Cortegada** para a “Vestuarios campo de fútbol” por importe de 15.000 euros.

Baseándose na solicitude presentada polo Concello de Cortegada de data 30 de marzo de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, informando que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense adoptou, na sesión ordinaria do día 01 de marzo de 2021 o acordo de aprobar unha subvención ao Concello de Cortegada por importe de 15.000,00 euros para os vestiarios do campo de fútbol, tomándose como base para a concesión desta subvención a memoria valorada redactada polas arquitectas Paula Feijoo Calviño e Emma Noriega García con número de colexiadas 3341 e 2548 de xaneiro de 2020. Por diversos motivos e discrepancias na tramitación do expediente administrativo, o alcalde do Concello de Cortegada solicita **deixar sen efecto** a memoria inicial na que se baseou a tramitación da subvención.

Coma a subvención xa se lle concedera ao concello, o alcalde presenta a renuncia á subvención concedida para “vestiarios campo de fútbol” na data 07 de abril de 2021.

Polo que se acorda o cambio do obxecto da subvención pasando a denominarse **“Alugueiro para vestiarios provisionais no campo de fútbol para o ano 2021” 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**.

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Cortegada	Alugueiro para vestiarios provisionais no campo de fútbol para o ano 2021	15.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/462.18 “Actividades culturais e recreativas. Ao Concello de Rairiz de Veiga” nas bases de execución dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, aparece unha subvención nominativa ao Concello de Rairiz de Veiga para a “Festa da Sainza” por importe de 16.000 euros.

A alcaldesa do Concello de Rairiz de Veiga, dona Josefa Asunción Morgade Rúa, o 6 de abril de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, renuncia á subvención nominativa por importe de 16.000,00 euros para a celebración da Festa da Sainza á vista de que este ano a celebración da festa será organizada pola Asociación Socio- Cultural Amig@s da Romaría da Sainza.

Na mesma data o presidente da asociación solicita a subvención, polo que se acorda o **cambio de beneficiario** da subvención e **da aplicación orzamentaria**, pasando a ser a nome da Asociación Socio- Cultural Amig@s da Romaría da Sainza, con CIF: G 32474546 **334.20/489.00 “Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias”** .

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación Socio-cultural Amig@s da Romaría da Sainza	Celebración da Festa da Sainza 2021	16.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos. Subvencións”, nas bases de execución dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, aparece unha subvención nominativa ao Concello de Nogueira de Ramuín para a “Cofinanciamento IDAE 2020” por importe de 66.000 euros .

O alcalde do Concello de Nogueira de Ramuín, don José César Parente Pérez, o 14 de abril de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicita o **cambio da finalidade** da subvención pasando a denominarse “Cofinanciamento IDAE: Renovación de instalacións alumeado-iluminación LED”, polo que se aproba o dito cambio de finalidade.

450.12/762.01 “ Cooperación Provincial. A Concellos. Subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe

Concello de Nogueira de Ramuín	Cofinanciamento IDAE: Renovación de instalacións alumeado-iluminación LED	66.000,00 €
--------------------------------	---	-------------

2º.- Incóase expediente de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto de conformidade cos artigos 179 e 180 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, artigos 40 a 42 do RD 500/90, de 20 de abril, e da base 23ª das de execución do orzamento para o exercicio 2021.

2.1. - A transferencia de crédito é aquela modificación do orzamento de gastos mediante a que, sen alterar a súa contía total impútase o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

2.2 .- O suposto que nos ocupa supón unha transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de **distinta área** de gasto:

APLICACIÓN QUE CEDE CRÉDITO		APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO	
Aplicación	Importe	Aplicación	Importe
450.12/226.09 “Cooperación Provincial. Actividades culturais e recreativas”	112.000,00 €	163.11/462.00 “Limpeza viaria. A Concellos”	92.000,00 €
		241.11/462.07 “Fomento de emprego, igualdade e benestar. A Concellos Plan Empregabilidade”	20.000,00 €

2.3.- As aplicacións orzamentarias afectadas atópanse nos supostos aos que se refiren os artigos 180 do TRLRFL, de 5 de marzo e 41 do RD 500/90, de 20 de abril:

- Non afectarán aos créditos ampliáveis nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- Non poderán minorarse os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.

- Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración, salvo que afecten a créditos de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran a programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

As transferencias que se propoñen afectan a aplicacións do orzamento de gastos pertencentes á distintas áreas de gasto, polo que, conforme coa citada base de execución número 23 e co artigo 179 do TRLRHL, lle corresponde a súa aprobación ao Pleno da Corporación.

3º.- De acordo cos artigos 169, 170 e 171 da Lei reguladora das facendas locais, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE BOBORÁS, PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 32014A026001620000GP, NECESARIA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE SAÚDE, NO TERMO MUNICIPAL DE BOBORÁS.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Reitera o voto favorable do seu grupo e agarda que tanto a expropiación como a obra se executen rapidamente, e a veciñanza do concello de Boborás poida ter esa infraestrutura canto antes.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Fai uso da palabra para amosar o seu apoio á proposta, sinalando que o concello terá as súas razóns para facer a delegación deste expediente e igualmente desexa que se poida facer a infraestrutura canto antes.

- 1ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Manifesta o voto favorable do seu grupo á proposta e felicita á veciñanza do concello de Boborás por esta infraestrutura tan necesaria.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Destaca o papel desta Deputación na cooperación cos concellos, do que esta delegación é un bo exemplo e felicita á deputada Patricia Torres por conseguir esta infraestrutura para o seu concello.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a delegación de competencia formulada polo concello de Boborás, para a tramitación do expediente expropiatorio da parcela con referencia catastral 32014A026001620000GP, necesaria para a execución das obras de construción de centro de saúde, no termo municipal de Boborás.

2º.- Requirirlle ao Concello de Boborás para que mediante a sinatura dun convenio expropiatorio coa Deputación de Ourense, asuma as obrigas económicas derivadas da tramitación do citado expediente expropiatorio.

7º.- REVERSIÓN DE TERREOS EXPROPIADOS PERTENCENTES Á PARCELA CATASTRAL 855 DO POLÍGONO 62 DO CATASTRO DO MUNICIPIO DA POBRA DE TRIVES PARA A MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL “OU-0703 TRIVES-CHANDREXA”.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:


- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que van votar a favor desta proposta, xa que se trata do exercicio dun dereito polo antigo propietario. Engade que nesta estrada OU-0703, se levan producindo intervencións da Deputación dende o ano 2007, e que aínda está sen rematar, polo que reivindica que se remate esta estrada que é o acceso central á estación de Cabeza de Manzaneda.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Sinala que isto é un trámite administrativo e que se trata de acceder agora á vontade da propietaria.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acordar a reversión a favor de D.^a M.^a José Rodríguez Pérez da parcela sobrante descrita no plano do servizo de Vías e Obras (anexo I) da estrada provincial “OU-0703 Trives-Chandrea”, debendo este aboarlle á Deputación de Ourense o prezo xusto fixado no expediente expropiatorio tramitado no seu día, que ascende á cantidade de 486,93 €.



8º.- REVERSIÓN DE TERREOS EXPROPIADOS PERTENECIENTES Á ANTIGA PARCELA CATASTRAL 172 DO POLÍGONO 502 DO CATASTRO DO MUNICIPIO DE COLES LINDEIRO COA ESTRADA PROVINCIAL "OU-052 TOROS-OS PEARES".

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.


A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que van votar a favor desta proposta, xa que se trata do exercicio dun dereito polo propietario.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta o voto favorable do seu grupo á proposta da Presidencia, posto que se trata do exercicio dun dereito legalmente previsto por parte dos expropiados.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acordar a reversión a favor de D. Emidio Rodrigues Palmeira da parcela sobrante descrita no plano do servizo de Vías e Obras (anexo I) da estrada provincial “OU-0502 Toros-Os Peares”, debendo este aboarlle á Deputación de Ourense o prezo xusto pagado pola administración expropiante, que ascende á cantidade de 390,02 €.



9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA EN FAVOR DE QUEN PADECEU PERSECUCIÓN DURANTE O GOLPE DE ESTADO, A GUERRA CIVIL ESPAÑOLA E AS DITADURAS.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): O portavoz socialista comeza a exposición da súa iniciativa política indicando que é a cuarta vez que se traen mocións similares a este pleno provincial, matizando que aínda non se está a cumprir o acordado e sobre o todo o espírito que as guiou. Engade que existe algún estudo dalgún sociólogo que fala de medio cento de vestixios de simboloxía franquista na nosa provincia, pero que seguramente será un número maior, xa que existen moitos símbolos no rural en fontes ou escolas, que non están catalogados. Lembra que para estes efectos o goberno socialista do goberno de Madrid, ten aprobado a Lei 52/2007, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, se ben a dita lei non contén un réxime sancionador que fai que moitas administracións non a cumbran. Engade que xa está aprobado e en trámite o anteproxecto da Lei da memoria democrática, que por fin establecerá un réxime sancionador para todos aqueles que se negan a aplicar a legalidade. Ademais do anterior, entende que tamén se debora lembrar con algún fito en lugares senlleiros os lugares nos que se exerceu a represión. As proposta de acordo da moción son as de instar por escrito aos concellos, organizacións ou entidades que aínda manteñen simboloxía franquista, fascista, antidemocrática ou calquera outra de análoga natureza, a súa inmediata retirada, co fin de cumprir a normativa vixente en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante o golpe de estado, a guerra civil e a ditadura, que a Deputación Provincial de Ourense non conceda subvencións ou axudas públicas aos concellos, organizacións ou entidades que manteñen simboloxía franquista, fascista, antidemocrática ou calquera outra de análoga natureza, que a Deputación Provincial de Ourense instale fitos ou placas de recoñecemento simbólico en lugares especialmente significativos da provincia, en lembranza dos veciños e veciñas da provincia que sufriron persecución e represión durante o golpe de estado de 1936, a guerra civil e a posterior ditadura, que a Deputación Provincial de Ourense se sume ao

proxecto “*Adoquines para o recordo*” da Fundación Stlpersteine, co fin de executar a instalación de placas identificativas dos veciños e veciñas da provincia deportados a campos de concentración e exterminio nazis, instar ás entidades locais da provincia de Ourense para a elaboración dun inventario municipal, en colaboración coa Deputación Provincial, que detalle as rúas, placas, símbolos, honras ou calquera outra distinción de carácter análogo, de exaltación franquista, fascista ou antidemocrática e finalmente, instar á Xunta de Galicia para o impulso e aprobación dunha Lei de memoria democrática propia da Comunidade Autónoma.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Na súa intervención sinala que está completamente a favor da retirada de toda a simboloxía franquista e fascista presente na nosa provincia, se ben entende que a moción presentada só conta unha parte da historia do noso país, e afirma que a moción esquece unha parte da memoria histórica, xa que trata de difuminar unha parte dela. Engade que o grupo socialista parece vivir no pasado, confrontando e dividindo, e que todo aquilo que se conseguiu coa transición, parece que o queren eliminar, indicando que o señor Villarino é un exemplo do novo fascismo. Trátase dunha moción nesgada que o único que pretende é poñer en pé o pasado, e sinala que Franco morreu xa hai máis de 40 anos. Sinala que somos moitos os que queremos mirar cara adiante sen darlle ás costas á historia, pero asumíndoa. Sobre o papel da Deputación que figura na moción sinala que existe xurisprudencia que é contraria a esta petición, e para rematar sinala que se trata dunha moción moi pouco acaída nesta época de pandemia, na que a cidadanía ten outras preocupacións.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza dirixíndose á deputada non adscrita para sinalarlle que a súa intervención contén algún erro, como a acusación ás Brigadas internacionais, que para el foron uns heroes que viñeron defender a legalidade democrática, ou sobre a represión en Galicia, que unicamente tivo un bando, xa que non existiu fronte de guerra, senón que había legalidade democrática fronte o levantamento militar, que trouxo consigo a represión no noso país. Entrando xa no contido da moción que trae o partido socialista sinala que está de acordo con todos os seus puntos. Porén do anterior quere facer unha matización sobre a execución que se fai da moción, xa que a citada lei sinala que deben ser retiradas dos edificios e dos espazos públicos, toda a simboloxía que nos leve á época escura da nosa historia. Dirixese ao portavoz socialista para preguntarlle porqué sendo alcalde de Amoeiro se colocaron placas con crítica, ao lado da simboloxía franquista en

diferentes lugares do concello, pero non se retirou esta, instando a que así o faga. Igualmente sinala a polémica destes días no concello de Celanova coa chamada Cruz de Celanova, e sobre a que os concelleiros e concelleiras socialistas nese concello están a manter unha actitude equidistante. Lembra que este símbolo foi inaugurado no ano 1939 pola Bandeira de Marrocos, unha unidade das milicias da Falange, e que foi a responsable dos fusilamentos que se produciron na prisión de Celanova, polo que en aplicación da legalidade vixente, esta Cruz debera retirarse. Remata manifestando o apoio do grupo do BNG a todas as propostas desta moción.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Na súa intervención sinala que efectivamente en Ourense non houbo fronte bélica, senón simplemente represión. Manifesta que existe unha Lei, a Lei 52/2007, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, na que se cometeu o erro de non prever un réxime de sancións. Entende que esta situación debera emendarse canto antes, para evitar a continua xudicialización dos posibles conflitos, e que non teña que ser a Deputación, que non ten competencias neste ámbito, a que teña que instar aos concellos. Neste sentido entende que debera existir un órgano independente que atendera as denuncias nesta materia e exerza a potestade sancionadora. Engade que a parte que máis lle “chirría” da moción é a relativa á non concesión de subvencións e axudas a concellos onde exista simboloxía deste tipo, e cree que hai sentenzas que non o permiten, o cal lle parece bastante lóxico. No referente á colocación de fitos, entende que para evitar actos vandálicos, sería preferible unha aplicación informática que resaltase eses puntos e facilitase a información.

- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): Comeza a súa intervención retomando as verbas do voceiro de DO sobre a legalidade da proposta da retirada de subvencións aos concellos, indicando que esta cuestión lle xera moitas dúbidas, para indicar seguidamente, que non debe partir da lóxica de que os que estamos aquí sentados somos herdeiros dun esquema de bos e malos, e temos que ter todos presente que se negamos a unha parte da veciñanza a posibilidade de recibir subvencións por un tema co que non teñen absolutamente nada que ver, estamos sendo moi inxustos e non asumindo o deber do noso traballo por ancorarnos nunha interpretación nesgada do pasado. Engade que, sendo conscientes da realidade actual e das competencias en materia de cooperación que ten atribuídas a Deputación Provincial, de aceptarse esta moción, non se estaría facendo ben o noso traballo. Remata indicando que a

memoria é algo que temos que manter e respectar para avanzar na reconciliación, evitando a polarización da sociedade e o odio, e partir da premisa do recoñecemento da barbarie e do carácter totalmente democrático da corporación provincial.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención dirixíndose á deputada non adscrita par pedirlle que retire a súa acusación de “fascismo”, se ben esas verbas cualifican a quen as emite e non a quen as recibe. Sobre a intervención do voceiro do BNG, sinala que cando foi alcalde do concello de Amoeiro asumiu plenamente os obxectivos da Lei da memoria histórica, se ben dende unha posición pedagóxica, consistente en poñer a carón da simboloxía fascista unha lenda que dicía “estas imaxes pertencen á propaganda dunha ditadura que ocupou cos seus símbolos os espazos públicos máis emblemáticos e permanecen aquí como denuncia daquel réxime opresor”. Respecto da suposta posición equidistante do grupo socialista no concello de Celanova, sinala que non é tal, e que el mesmo asinou a petición da plataforma o mesmo día que saíu, lembrando que o grupo socialista está no goberno dese concello pero non é o grupo maioritario. Como exemplo, a continuación cita cando el sendo alcalde de Amoeiro lle puxo o nome de rúa Castor Sánchez Martínez á rúa principal do concello, en memoria do alcalde asasinado na represión. Seguidamente sinala que lle *chirría* a posición do partido popular, que se esquece dos compromisos aprobados nesta Deputación, e pon como exemplo o apartado da web provincial dedicado á represión que actualmente está sen contido. A continuación lembra a Manuel Gómez del Valle, que foi o primeiro represaliado en Ourense en agosto de 1936, e que a súa nai e unha compañeira que intercederon por el, foron igualmente asasinadas, e diríxese ao voceiro de DO para indicarlle que o posible vandalismo non é un argumento para non apoiar esta moción. Remata a súa intervención pedindo a todos os grupos que non retrocedan aínda máis aló do que é a democracia.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Sinala, referíndose ao voceiro socialista, que el si é un novo fascista, xa que sinala, acosa e ataca a quen non opina como el, e que ela o único que fai é poñelo no seu sitio, pero que se o prefire, pode cambiar ese cualificativo polo de ditador, tal e como din compañeiros do seu propio partido. Lembra que falar da historia, tamén hai que falar de Paracuellos, das checas ou das Brigadas internacionais, que non eran precisamente “santos” e que tamén mataban aos seus prisioneiros, sen perder de vista que o que fixeron ambos bandos foi horrible, e que debemos avanzar sen odio e lembra, por último, que existe unha resolución do ano 2019 do Parlamento Europeo condenatoria do comunismo

en España, que dentro dunha resolución sobre a memoria histórica, se condenan os crimes cometidos polo comunismo en toda Europa.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza dirixíndose ao voceiro do grupo popular para preguntarlle a razón de que aínda existan concellos que conservan esa simboloxía cando hai unha lei que o prohíbe, e que non foi derogada polo Partido Popular cando estivo no goberno. Engade que nos concellos onde goberna o BNG non existe este tipo de simboloxía, polo que deben ser as restantes organizacións políticas as que valoren porqué esta simboloxía se mantén nalgúns concellos onde goberna o partido popular. Sobre as acusacións vertidas ás Brigadas internacionais, lembra como o Parlamento español, por consenso, nos anos noventa, acordou conceder a nacionalidade española a todos os brigadistas, e volve insistir en que a legalidade democrática no ano 1936 era a República, e que non os dous bandos eran iguais, e que en Galicia non existiu fronte de guerra senón que o único que existiu foi unha vil represión. Para rematar compara a situación actual coa doutros países como Alemaña, onde non hai medias tintas e non se permite ningún tipo de simboloxía ou apoloxismo da ditadura ou do fascismo, e pide que non se empregue o subterfuxio do punto referido á retirada de subvencións a concellos para non apoiar esta, indicando que existen outros requisitos similares noutras subvencións, como a de ter presentadas as contas, que nada teñen que ver coa veciñanza e que con ese mesmo criterio tamén serían discriminatorios.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza a súa intervención indicando que máis que eliminar a simboloxía, el é partidario da actitude pedagóxica e de poñer explicacións e lendas naqueles lugares onde poida existir esta simboloxía, para explicar a historia e a súa condena. A continuación sinala que un país supera este tipo de traumas e de enfrontamentos, como fixo Alemaña, cando asume un relato único da historia, e que por parte do noso país non é así, e que este debería recollese precisamente nunha lei estatal e non deixarse a interpretación ás diferentes comunidades autónomas. En definitiva sinala que a lei de memoria debe codificar un relato consensuado e un réxime de sancións para poder ser eficaz.

- 2ª intervención César Fernández (grupo do PP): Intervén para facer un par de precisións. Sobre a legalidade, que considera unha cuestión fundamental, sinala que o acordo adoptado pola corporación provincial foi no ano 2017, e que no ano 2019 existe unha ST do TSX de Extremadura, que anula unha convocatoria de subvencións dunha deputación a concellos precisamente por impoñer uns requisitos similares aos que figuran no texto da moción.

Engade que esta sentenza fala claramente de “establecer unha discriminación” con este condicionante. Así, como exemplo similar, pon o dun concello que incumprise a lexislación de símbolos, e que se opinaría se se privase de recibir subvencións a un concello que non ten situada a bandeira de España na casa do concello, concluíndo que isto sería igualmente discriminatorio. Para rematar indica que é moi difícil asumir un relato único neste punto, se ben matiza que polo menos debería partirse dunha idea única, que é a de que todos os que estamos nesta corporación somos profundamente democráticos.

- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Agradece ao representante do BNG o apoio á súa moción, e engade que como xesto de cara á cidadanía, o grupo de goberno debería enfrontarse aos dirixentes políticos dos concellos que non cumpren a legalidade. Seguidamente sinala que na transición se foi moi xeneroso cunha parte da sociedade, e como mostra dá lectura a unha parte do Decreto 154/1961 polo que dispón o cese de Manuel Fraga como delegado nacional de asociacións nacionais de Falange española tradicionalista y de las Jons. Engade que xenerosos foron os que miraron cara outro lado para que se consolidase a democracia, e o único que se pide agora é memoria e respecto ás vítimas, e sensibilidade, e que debe ser a Deputación de Ourense a que debe tentar facer cousas neste eido e cooperar cos concellos, poñéndose do lado da democracia e da legalidade sobre a memoria histórica.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e da deputada non adscrita, e a abstención de DO (2).

10º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O INCREMENTO DOS ABUSOS BANCARIOS CONTRA AS PERSOAS CONSUMIDORAS E O DETERIORO DOS SERVIZOS FINANCEIROS EN GALIZA.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza a súa intervención lembrando como a crise financeira de 2008 e as medidas adoptadas polos gobernos popular e socialista supuxeron unha concentración do sector bancario e redución da oferta, unha maior precarización do emprego e un claro empeoramento da prestación dos servizos financeiros. Lembra como ademais en Galicia se produciu a privatización das antigas caixas de aforros, lembrando que no ano 2017, cando se produce esta compra, existían en Galicia 415 oficinas e que co proceso de fusión en novembro de 2020 só quedan 234, situación que se vai agravar cos expedientes de regulación de emprego que se aveciñan neste sector. Este peche de oficinas ten un impacto singular no rural ourensá e nas persoas maiores, e o noso territorio corre o risco de quedar sen servizos financeiros. Por esta situación, as propostas de acordo que recolle a súa iniciativa política son as de instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñerlles freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para darlle resposta á escalada de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal, instar á Xunta de Galicia a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, unha campaña colectiva de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos, expresar o apoio da Corporación Provincial ás xustas reivindicacións das traballadoras e dos traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias da provincia para demandar o mantemento dos servizos e trasladarlles este acordo ás direccións do Banco Santander, Caixabank, e BBVA, para que reconsideren a súa decisión do peche de oficinas e manteña os servizos á súa clientela.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para sinalar que estamos ante unha moción moi acaída nestes tempos que vivimos e que trata un asunto que realmente si lle importa á nosa veciñanza. Estamos ante un grave problema e que entre todos lle debemos facer saber ao sector bancario que non estamos en momentos de redución de persoal e redución de salarios. Remata dándolle o parabén ao proponente da moción e indicando que vai votar a favor dela.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén sinalando que unha moción similar foi tratada no pleno do concello de Ourense, e manifesta que se ben comparte a maioría das reflexións da moción, sinala que esta cuestión debe ser abordada desde a política lexislativa do goberno do Estado, indicando que o seu grupo dá liberdade de voto aos seus membros e que el se absterá na votación deste asunto.
- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Comeza adiantando o voto favorable do grupo socialista a esta moción. Seguidamente engade que a ministra Nadia Calviño ven de trasladarlle ao Banco de España o importante papel que esta institución debe desempeñar ante os cambios no sector. Igualmente o ministro de Seguridade Social Xosé L. Escrivá ven de lembrarllas ás entidades financeiras as axudas públicas que recibiron para facerlle fronte á crise do ano 2007, polo que queda moi claro que o Goberno do estado ten un claro compromiso nesta causa. Engade que estamos ante o momento do compromiso social, e non de dividendos e grandes salarios e remata reiterando o apoio do seu grupo a esta moción.
- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza a súa intervención manifestando o voto favorable do seu grupo á moción, xa que comparte a maior parte das súas afirmacións, se ben tamén quere facer algunhas matizacións. Sinala que estamos ante entidades privadas e nun sector no que a Deputación Provincial carece de competencias, pero sobre o que a Xunta de Galicia xa está a traballar na defensa dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias dos servizos financeiros, cunha rotunda defensa da prestación destes servizos, especialmente no rural. Indica que estamos ante un sector en reestruturación a nivel mundial, ao que Galicia non é alleo. Lembra que existen actualmente dúas entidades con sede social no noso país, Abanca que é a entidade líder do sector e a Caixa Rural Galega. Seguidamente lembra que en febreiro o goberno galego ven de presentar unha iniciativa para a instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos en dependencias municipais, para garantir a prestación dos servizos financeiros de forma presencial no rural. A Consellería de Facenda ven de pechar o período de consulta pública desta liña de subvencións ás que poderán optar os concellos galegos, e que se pretende impulsar cun convenio coa FEGAMP para garantir o acceso aos servizos bancarios. Igualmente o Instituto Galego de Consumo e da Competencia ven de recordarllas a estas entidades a súa competencia sancionadora, polo que entende que a moción debería dicir instar á Xunta á que continúe exercendo as súas competencias, se ben sen ánimo de entrar en discusións, manifesta que van votar a favor desta moción do BNG.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza esta intervención agradecendo o voto favorable manifestado polos diferentes grupos. Engade que non se pode permitir que as entidades que foron rescatadas cos cartos de todos, agora deixen de lado á nosa cidadanía e especialmente aos nosos maiores. No caso ademais da provincia de Ourense sinala que un terzo dos nosos concellos xa están sen estes servizos, e que esta situación se vai agravar nun futuro inmediato. É certo que estamos ante entidades privadas, pero non debemos esquecer que por exemplo o Banco de Santander presenta o maior ERTE a nivel estatal e nos seus propios datos figura que no primeiro trimestre de 2021, coa que está a caer, presenta uns beneficios de máis de 1.600 millóns de euros. Isto sen dúbida, é indecente, e así o debemos manifestar.
- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Lembra que comparte por completo a actitude da moción, pero que seguramente estamos ante un brinde ao sol pola carencia de competencias da Deputación neste sector, e debe ser o Estado o que as exerza con firmeza.
- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Agradece que se tomen en consideración as achegas feitas polo grupo socialista e entende que é bo que se poñan en consideración este tipo de denuncias.
- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Para deixar clara a postura do grupo popular, sinala o compromiso coas iniciativas encamiñadas a manter as entidades financeiras erradicadas en Galicia, e co mantemento do emprego. Destaca que mentres ocorren os expedientes de regulación de emprego, o goberno galego está a traballar para garantir os servizos financeiros en todos os concellos e evitar así a exclusión financeira.
- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Remata a intervención lembrando o preocupante da situación, que estamos ante un servizo básico para a cidadanía, e que por esta razón se insta tanto ao goberno do Estado como ao autonómico, e que se deben adoptar medidas contundentes como a inclusión de bancas públicas. Remata por fin agradecendo o apoio practicamente unánime a esta moción pola corporación provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción coa emenda in voce presentada durante o debate, e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista

(9), do BNG (1), da deputada non adscrita e dun deputado de DO, e a abstención do outro deputado de DO, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñerlles freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para darlle resposta á escalada de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal.

2º.- Instar á Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, unha campaña colectiva de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos.

3º.- Expresar o apoio da Corporación Provincial ás xustas reivindicacións das traballadoras e dos traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias da provincia para demandar o mantemento dos servizos.

4º.- Trasladarlles este acordo ás direccións do Banco Santander, Caixabank, e BBVA, para que reconsideren a súa decisión do peche de oficinas e manteña os servizos á súa clientela.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A SOIDADE NON DESEXADA

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de engádegas o BNG, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Toma palabra para expoñer como a soidade non desexada está a producir situacións alarmantes neste contexto de pandemia, sendo o grupo predominante o das persoas maiores. Sinala que desde os poderes públicos deben implementarse políticas que lles permitan ás persoas maiores manter a súa autonomía e independencia, xa que a soidade non desexada é un factor que agudiza o avellentamento. Indica que Galicia é un dos lugares de Europa con maior porcentaxe de persoas maiores, que en moitos casos viven soas, e que esta pandemia agudizou e visualizou máis este grave problema. Os problemas derivados desta situación xorden cando esta soidade non é desexada, e evidenciase tamén un aumento da taxa de risco de pobreza nestas persoas. En Ourense uns 17.000 veciños de máis de 65 anos viven en soidade, e polos motivos sinalados faise necesario adoptar os acordos previstos na moción, que son os de instar á Xunta

de Galicia a realizar, de xeito urxente, unha diagnose da soidade non desexada mediante estudos que reflectan esta realidade na provincia de Ourense, e elaborar de xeito prioritario, en función dos resultados do dito estudo, un plan galego para a soidade non desexada e remitir-lles o acordo plenario aos grupos parlamentarios do Parlamento Galego.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Manifesta que se trata dunha moción que debe ser debatida, como así foi, no parlamento de Galicia, pero que por ser un tema que nos preocupa a todos os que estamos en política, vai apoiar esta moción votando a favor dela.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Concorde con que debemos vixiar este aspecto da nosa sociedade, e máis na nosa provincia. Sinala que debemos reforzar servizos como a tele asistencia, o xantar na casa, e outros similares, e que esta pandemia veu pechar moitos dos espazos comunitarios de socialización para os nosos maiores. Engade que é necesario facer unha abordaxe desta realidade de xeito integral, poñendo no centro ás persoas maiores e manténdoo nos seus fogares. Sinala que o lugar idóneo para debater esta asunto debe ser o Observatorio galego de dinamización demográfica de recente creación, e que as conclusións deberan levarnos a elaborar un plan galego contra a soidade non desexada. Por último explica os motivos da súa emenda de engádega, que pretende enriquecer e mellorar a moción orixinal, matizando que en todo caso votarán a favor da moción presentada, e que o contido dela é instar á Xunta de Galiza a impulsar, no seo do observatorio galego de dinamización demográfica, a creación dun grupo de traballo específico para abordar a soidade non desexada en Galiza, co obxectivo de recompilar, analizar e difundir información en relación a este fenómeno así como formular propostas e recomendacións ao respecto, e para instar igualmente á Xunta de Galiza a enviarlle ao Parlamento, á maior brevidade, a Estratexia Galega de Atención á Soidade non desexada para o seu debate e tramitación no Parlamento, de acordo co previsto nos artigos 140 e 141 do Regulamento da cámara.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza adiantando o voto favorable do seu grupo. Sinala que estamos ante un verdadeiro problema social pero ao que é moi difícil buscar unha única causa. A sociedade actual vai cada vez máis cara ao individualismo, e o ser humano é un ser social, polo que acaban aflorando patoloxías como a enunciada na moción, que ademais afecta moito á nosa provincia pola pirámide de idade que temos. Remata sinalando que o seu grupo vai apoiar a moción do grupo socialista, e, se se acepta, tamén lle parece ben a emenda de engádega do grupo do BNG.

- 1ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): Comeza resaltando o feito de que todos os grupos políticos estean de acordo nesta moción, que reflicte un problema agravado pola crise do Covid-19. Engade que o pasado 10 de marzo a Conselleira de Política Social anunciaba a presentación da estratexia galega de atención á soidade, e que o pasado 26 de abril o presidente da Xunta ven de participar nunha xornada de traballo na que se avanzaba na creación dunha mesa de traballo cos concellos para deseñar esta estratexia galega de atención á soidade non desexada, co obxectivo de poder aprobala entre xuño e xullo deste ano. Seguidamente lembra algunhas das actuacións postas en marcha pola Deputación provincial para loitar contra a soidade, como poden ser o servizo de tele asistencia domiciliaria, con máis de 1.800 persoas usuarias, ou as axudas á dependencia. Neste senso engade que debera ir máis alá de instar á administración autonómica, senón que se deberan tamén incrementar as accións provinciais nesta materia xa en marcha, e que deberan levar a implementar dez proxectos piloto de atención á soidade non desexada nos anos 2021 e 2022, dentro dun plan provincial, e sempre en colaboración cos diferentes concellos da nosa provincia. Por último enumera os eixos e proxectos pilotos que se incluírían neste programa provincial.

- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza agradecendo o voto favorable de todos os grupos da corporación ante un tema tan importante, xa que para as persoas que non escolleron a soidade, esta acaba por converterse nun gran problema. Sinala que desde as institucións debemos loitar contra este problema e tentar de buscar solucións, e que aínda que non sexa da nosa competencia, é un asunto sobre o que debemos debater, xa que estamos a falar de persoas que sofren. Entende que debemos seguir instando á Xunta de Galicia a que esa mesa de traballo que foi presentada sexa xa unha realidade canto antes e que se afronte de forma urxente a loita contra a soidade non desexada, e se dote esta estratexia cun orzamento axeitado e suficiente. Sobre a emenda do BNG sinala que a van aceptar, se ben manifesta que dun xeito ou doutro, esas propostas xa figuran recollidas na moción orixinal.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Repite o voto favorable a esta moción, entendendo que é un tema que nos debe preocupar e empatizar a todos.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Igualmente indica que apoiará a moción do grupo socialista e agradece a aceptación da súa emenda de engádegas e o voto favorable dos restantes grupos da corporación provincial, xa que estamos ante un problema que desgraciadamente vai ir a máis e vai a ser un reto de futuro para a sociedade en xeral e para a nosa provincia en particular.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que efectivamente estamos ante un problema de futuro, e máis cando as novas xeracións tenden a socializar polas RRSS e non sabemos que consecuencias vai traer isto a longo prazo. Sobre a emenda de engádegas indica que a aceptará igualmente, se ben moitas desas ideas xa están recollidas na moción orixinal.
- 2ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): Para rematar de explicar o indicado na súa primeira intervención, sinala que esa mesa provincial de traballo será técnica, cos representantes da área de Benestar da Deputación e traballadores sociais municipais, sen prexuízo de que se compartan coa corporación os informes trimestrais que xurdan. Entende que deben recuperarse conceptos como familia ou veciñanza para tentar solucionar esta problemática.
- quenda de peche Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Para rematar agradece o voto favorable de todos os grupos políticos desta corporación provincial, e desexa que este plan estratéxico galego sexa por fin unha realidade, e que teña presentes actuacións inmediatas para a persoa que está a sufrir a soidade non desexada.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción coa emenda de engádegas presentada polo BNG, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1º.- Instar á Xunta de Galicia a realizar, de xeito urxente, unha diagnose da soidade non desexada mediante estudos que reflectan esta realidade na provincia de Ourense.
- 2º.- Elaborar de xeito prioritario, en función dos resultados do dito estudo, un plan galego para a soidade non desexada.
- 3º.- Remitir-lles o acordo plenario aos grupos parlamentario do Parlamento Galego.
- 4º.- Instar á Xunta de Galiza a impulsar, no seo do observatorio galego de dinamización demográfica, a creación dun grupo de traballo específico para abordar a soidade non desexada en Galiza, co obxectivo de recompilar, analizar e difundir información en relación a este fenómeno así como formular propostas e recomendacións ao respecto.
- 5º.- Instar á Xunta de Galiza a enviarlle ao Parlamento, á maior brevidade, a Estratexia Galega de Atención á Soidade non desexada para o seu debate e tramitación no Parlamento, de acordo co previsto nos artigos 140 e 141 do Regulamento da cámara

12º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA Á DEFENSA DO SERVIZO POSTAL PÚBLICO DE CORREOS NA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de engádegas e cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o seu contido.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza a súa intervención insistindo nos dereitos dos habitantes da provincia de Ourense, reclamando a prestación dun servizo público universal, todo o contrario ao que está a ocorrer coa actual xestión deste servizo nos pequenos concellos da nosa provincia, lembrando que estamos máis ante un dereito que ante un servizo. Seguidamente lembra como a Sociedade estatal de Correos ven de suprimir vinte postos de traballo na nosa provincia, o que afecta á prestación do servizo e á súa calidade. Por último dá lectura ás propostas de acordo da moción, consistentes en requirirles á SAE Correos y Telégrafos SME; á Sociedad Estatal de Participaciones Industriales (SEPI), ao Ministerio de Facenda; ao Ministerio de Transportes, Mobilidade y Axenda Urbana e ao Goberno da Nación, para que adopten as seguintes medidas que entendemos necesarias para garantir a prestación do servizo postal público e a súa permanencia nesta Deputación:

I.- Reforzar o financiamento do servizo público postal, claramente insuficiente na actualidade, no próximo Plan de Prestación para aprobar polo Consello de Ministros, de modo que se asegure un servizo de calidade para o conxunto da cidadanía. Tamén para asegurar a cohesión social, económica e territorial.

II.- Incluír a Correos, a maior empresa pública do noso país, no reparto dos fondos para a recuperación, transformación e resiliencia, para que xogue un papel clave na resposta que, como sociedade, debemos darlle á crise sanitaria e económica provocada pola Covid.

III.- Actualización e mantemento das oficinas auxiliares (rurais) e unidades de reparto existentes nas zonas rurais, claves na reversión da “España baleirada”. É a única maneira de contribuír a que aquelas áreas xeográficas de reparto deficitarias economicamente poidan gozar dun servizo postal en igualdade de condicións respecto á poboación dos grandes núcleos urbanos

IV.- Reforzo da capilaridade de Correos, ampliando o número de oficinas, unidades de reparto e centros de tratamento co fin de lograr o maior achegamento ao/á cidadán/á e lograr as condicións óptimas de accesibilidade marcadas pola Lei postal e a Directiva Postal Europea.

V.- Garantir a cobertura dos postos de traballo estruturais necesarios, na actualidade insuficientes, para garantir un servizo postal público de calidade con emprego e dereitos.

VI.- Instar o cumprimento dos parámetros de calidade determinados pola Lei postas e o Regulamento que regula a prestación do servizo postal universal, e, en definitiva, que se aborde de forma eficaz e eficiente o correcto e necesario desempeño da prestación dos servizos postais públicos, co obxectivo de asegurar a todos/as os/as cidadáns/ás da provincia de Ourense a recepción da súa correspondencia, polo menos 5 días á semana, como se encontra tamén establecido na Directiva Postal Europea.

2º.- Darlles traslado deste acordo ao Goberno da Nación e a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, á Sociedade Estatal Correos y Telégrafos, á Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), ao Ministerio de Transportes, Mobilidade y Axenda Urbana e ao Ministerio de Facenda, co fin de que se resitúa ao correo público na axenda do goberno para a recuperación, transformación e resiliencia do noso país.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Como xa adiantou na comisión informativa, sinala que vai apoiar esta moción, xa que a considera perfectamente asumible para a corporación provincial e que se mellore o servizo de correo postal na nosa provincia.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para manifestar que por un lado lle sorprende a moción do grupo popular, pero por outro lado os felicita por ela. Entende que non deixa de ser un lavado de cara do Partido Popular e das centrais sindicais estatais, lembrando que nos últimos anos na nosa provincia desapareceron 200 postos de carteiro. Engade que dende a CIG e dende o BNG xa se levaron mocións e se reclamaron comparecencias no Senado sobre esta asunto. Engade que resulta estraño que agora lles xurda interese neste asunto, cando é un servizo que leva 20 anos en continuo desmantelamento, e o Partido Popular non se teña decatado ata agora. É certo que o servizo universal é absolutamente lóxico, por iso o BNG presenta a súa emenda de engádegas consistente en que a Deputación de Ourense, en defensa do servizo postal público de correos na provincia de Ourense, insta ao Goberno do Estado español a derrogar o artigo 37, referido a contornos especiais do Real decreto 503/2007, do 20 de abril polo que se modifica o Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais. Xa que de aplicarse este artigo tal e como foi aprobado polo Parlamento do Estado español, suporía a

agrupación nun único punto de entrega (cada un na súa caixa de correo) das cartas remitidas a cada núcleo de poboación.

Remata lembrando que se perderon 200 empregos de carteiro na nosa provincia, con gobernos do PP e do PSOE en Madrid, e agarda que a postura do grupo popular se manteña no tempo.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza amosando o seu apoio a favor da moción, e ao servizo público universal postal de correos. Engade que este servizo cumpre funcións que non poden ser feitas por empresas privadas e que debemos darlle o valor que se merece a este servizo, o cal necesita claramente unha mellora, por tratarse dun servizo básico e que debe prestar o Estado. Remata indicando o voto favorable do seu grupo tanto á moción como a emenda de engádegas formulada polo grupo do BNG.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que non se corresponde o que di o texto da moción co que realmente se pretende, xa que incluso se ve certa contradición e incoherencias. Sinala que o grupo socialista está claramente a favor dos servizos públicos e da súa xestión pública, como xa ten amosado dabondo. Engade que o punto primeiro da moción pide que se garanta a prestación do servizo postal público, cando a sociedade é cen por cen pública, e non se contempla ningún cambio no seu modo de xestión. Fálase na moción de reforzar o servizo postal por consideralo insuficiente, e a sociedade, na súa actual transformación, está a obter beneficios fronte as perdas do ano pasado, e sen mingua na prestación do servizo, e sen inxeccións de cartos públicos. Sobre a proposta de ampliación do número de oficinas indica que a realidade mudou, e isto é un feito, e Correos está a facer un esforzo no rural como pode ser a transformación da rede rural de correos en condicións de calidade e sostibilidade, que debe ser posto en valor. En todo caso entende que debemos pedir que non se reduzan efectivos na nosa provincia, e sobre todo que na época do verán e na época de vacacións os carteiros substitutos non coñecen a realidade do rural, e se solucione esta problemática.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza agradecendo o voto favorable dos grupos da corporación, se ben non entende a postura do grupo socialista que non aclarou o sentido do seu voto. Engade que unha empresa polo feito de ser pública, non supón a prestación dun servizo público de calidade, como amosa a situación actual deste servizo. Sinala que os pequenos concellos do rural ourensán deben loitar por ter un servizo postal universal de calidade e similar ao das vilas ou cidades, e non aceptar o servizo cada vez máis degradado que se ofrece. Remata indicando que o grupo popular de Ourense vai estar sempre

ao carón do rural da provincia, e manifesta que moito se teme que van ter que continuar nesta defensa vista a política do goberno do Estado.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Diríxese ao voceiro popular para lembrarlles que tiveron deputados dabondo en Madrid para poñerlle freo a situación e desmantelamento deste servizo, dándolles a benvida á defensa dos servizos públicos. Remata indicando que votarán a favor da moción presentada e das súas propostas de acordo.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Recalca a importancia deste servizo e da súa necesaria natureza pública, con máis énfase se cabe na nosa provincia dada a dispersión poboacional e o avellentamento da súa poboación, manifestando por último o voto favorable tanto á moción como á emenda de engádega.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Diríxese ao voceiro do grupo popular para sinalar as incongruencias da moción, que piden máis fondos para a sociedade, cando esta ven de dar beneficios, polo que o que hai que pedir que estes se reinvestan. Outra incongruencia é que se pida que se garanta un servizo público, cando se xestiona a través dunha sociedade cen por cen pública, e se pide que se inclúan nos fondos europeos cando estes xa están solicitados, razóns polas que o voto do seu grupo vai ser a abstención. Remata sinalando que na defensa dos servizos públicos, sexa a que sexa, o partido socialista sempre vai estar, non como o partido popular, que se suma cando lle interesa.

- quenda de peche Plácido Álvarez (grupo do PP): Manifesta que se se pide que o servizo de correos sexa público e se inclúa nos fondos europeos, non sabe onde está a incongruencia da moción. Remata dicindo que se deben seguir defendendo servizos de calidade no rural, que debe concibirse como una oportunidade de emprendemento e de vida, e non se lle deben poñer trabas ao futuro, lamentando que o grupo socialista non se sume a este camiño de reivindicacións en positivo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e aínda que o Grupo Popular acepta a emenda do BNG, procédese á votación por separado, co seguinte resultado:

Emenda do BNG é aprobada por unanimidade.

Moción do Grupo Popular: votos a favor do Grupo Popular (12), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Requiririlles á SAE Correos y Telégrafos SME; á Sociedad Estatal de Participaciones Industriales (SEPI), ao Ministerio de Facenda; ao Ministerio de Transportes, Mobilidade y Axenda Urbana e ao Goberno da Nación, para que adopten as seguintes medidas que entendemos necesarias para garantir a prestación do servizo postal público e a súa permanencia nesta Deputación:

I.- Reforzar o financiamento do servizo público postal, claramente insuficiente na actualidade, no próximo Plan de Prestación para aprobar polo Consello de Ministros, de modo que se asegure un servizo de calidade para o conxunto da cidadanía. Tamén para asegurar a cohesión social, económica e territorial.

II.- Incluír a Correos, a maior empresa pública do noso país, no reparto dos fondos para a recuperación, transformación e resiliencia, para que xogue un papel clave na resposta que, como sociedade, debemos darlle á crise sanitaria e económica provocada pola Covid.

III.- Actualización e mantemento das oficinas auxiliares (rurais) e unidades de reparto existentes nas zonas rurais, claves na reversión da “España baleirada”. É a única maneira de contribuír a que aquelas áreas xeográficas de reparto deficitarias economicamente poidan gozar dun servizo postal en igualdade de condicións respecto á poboación dos grandes núcleos urbanos

IV.- Reforzo da capilaridade de Correos, ampliando o número de oficinas, unidades de reparto e centros de tratamento co fin de lograr o maior achegamento ao/á cidadán/á e lograr as condicións óptimas de accesibilidade marcadas pola Lei postal e a Directiva Postal Europea.

V.- Garantir a cobertura dos postos de traballo estruturais necesarios, na actualidade insuficientes, para garantir un servizo postal público de calidade con emprego e dereitos.

VI.- Instar o cumprimento dos parámetros de calidade determinados pola Lei postas e o Regulamento que regula a prestación do servizo postal universal, e, en definitiva, que se aborde de forma eficaz e eficiente o correcto e necesario desempeño da prestación dos servizos postais públicos, co obxectivo de asegurar a todos/as os/as cidadáns/ás da provincia de Ourense a recepción da súa correspondencia, polo menos 5 días á semana, como se encontra tamén establecido na Directiva Postal Europea.

2º.- Darlles traslado deste acordo ao Goberno da Nación e a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, á Sociedade Estatal Correos y Telégrafos, á Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), ao Ministerio de Transportes, Mobilidade y Axenda Urbana

e ao Ministerio de Facenda, co fin de que se resitúe ao correo público na axenda do goberno para a recuperación, transformación e resiliencia do noso país.

3º.- A Deputación de Ourense, en defensa do servizo postal público de correos na provincia de Ourense, insta ao Goberno do Estado español a derrogar o artigo 37, referido a contornos especiais do Real decreto 503/2007, do 20 de abril polo que se modifica o Real Decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais. Xa que de aplicarse este artigo tal e como foi aprobado polo Parlamento do Estado español, suporía a agrupación nun único punto de entrega (cada un na súa caixa de correo) das cartas remitidas a cada núcleo de poboación.

13º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á RECUPERACIÓN DA MICROTAPONIMIA NA PROVINCIA DE OURENSE

O Sr. presidente cédelle a palabra a DO para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Explica de xeito resumido o contido da moción, resaltando o valor da microtoponimia como patrimonio inmaterial e a súa importancia práctica. Engade que na medida do posible hai que conservar e recuperar este patrimonio, e que na nosa provincia o feito de que sexa de tipo micro fai que sexa macro a cantidade de nomes susceptibles de ser recuperados e conservados. A proposta que se fai é a de que a se active unha liña de axudas da Deputación de Ourense aos concellos da provincia para que poidan iniciar, en colaboración con entidades culturais, educativas ou sociais que consideren oportunas, actividades destinadas á recuperación, co maior detalle posible, da microtoponimia do seu territorio, e a posta a disposición desa información ás entidades públicas interesadas.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para amosar o seu voto favorable a esta moción.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Como xa comentou na comisión informativa reitera que o BNG está totalmente a favor da recuperación da toponimia e do que isto supón para a defensa da nosa cultura, engadindo que isto debe facerse con moita prema,

xa que a xeración que coñece todos eses nomes de predios, regatos ou fontes está a desaparecer. Remata amosando o voto favorable do grupo do BNG.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Indica que se trata dunha iniciativa que enriquece e debe ocupar un lugar importante na recuperación do rural. Sinala que existe un portal da toponimia de Galicia e unha aplicación denominada “Galicia nomeada”, feita en colaboración entre a Xunta de Galicia e a RAG, se ben son ferramentas incompletas. Así mesmo, lembra como nos arquivos municipais existen os documentos denominados “amillamentos”, que son antigos censos agrarios, moi fiables en canto á toponimia. Adianta o voto favorable do grupo socialista a esta moción.

- 1ª intervención Patricia Torres (grupo do PP): Sinala que o estudo da toponimia é fundamental para o coñecemento do noso territorio e unha verdadeira fonte de información. Engade que cada vez que falta unha persoa maior dun pobo vaise unha parte da toponimia do lugar, manifestando que o grupo popular vai votar a favor desta moción, lembrando que esta Deputación ten colaborado na publicación de libros sobre a toponimia.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Nesta quenda agradece o voto favorable de todos os grupos á súa moción.

- quenda de peche Armando Ojea (grupo de DO): Agradece o voto favorable de toda a corporación e expresa o desexo de que se materialice esta proposta.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo: Activar unha liña de axudas da Deputación de Ourense aos concellos da provincia para que poidan iniciar, en colaboración con entidades culturais, educativas ou sociais que consideren oportunas, actividades destinadas á recuperación, co maior detalle posible, da microtoponimia do seu territorio, e a posta a disposición desa información ás entidades públicas interesadas

14º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-

Toma a palabra o deputado socialista Ignacio Gómez para pedir que se trate pola vía de urxencia, unha moción que quere presentar o seu grupo, e que acaba de ser remitida a todos os voceiros por correo electrónico, polo que pide poder motivar a urxencia da súa moción.

O presidente dálle o uso da palabra ao secretario xeral para que explique se se recibiu esa moción de urxencia e como debe procederse na súa tramitación.

O secretario xeral indica que non ten coñecemento da presentación de ningunha moción, pero que en todo caso a regulación do RO da corporación, e do ROF, prevé que se poidan tratar e defender este tipo de mocions de urxencia, polo que debe tratarse como unha moción in voce pola vía de urxencia, e votarse sobre esta urxencia, e de obter esta a maioría absoluta, o debate e votación da moción proposta por esta vía.

O deputado socialista Ignacio Gómez xustifica a urxencia da moción indicando que no BOE número 341 de data 31/12/2020 publicouse a Lei 11/2020 de 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021. No artigo 18, sobre as “Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público”, indica: “No ano 2021, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 0,9 por cento respecto ás vixentes ao 31 de decembro de 2020, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade deste. Os gastos de acción social non poderán incrementarse, en termos globais, respecto aos de 2020. A este respecto, considérase que os gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos ou melloras distintos ás contraprestacións polo traballo realizado cuxa finalidade é satisfacer determinadas necesidades consecuencia de circunstancias persoais do citado persoal ao servizo do sector público”.

Tamén determina que “este artigo ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución. Ademais, o apartado tres dítase en aplicación do disposto no artigo 29 do EBEP”.

Hai que sinalar que tanto o “Acordo regulador para o persoal funcionario da Deputación Provincial de Ourense” (BOP núm. 86 de data 17.04.2009), como o “Convenio colectivo para o persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense” (BOP núm. 81 de data 11.04.2009) establecen, no seu artigo 41, que “os traballadores da Deputación manterán como mínimo as retribucións que actualmente veñen percibindo, cos incrementos legais derivados das leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano e durante toda a vixencia do acordo, e que os incrementos previstos nas leis de orzamentos aplicaranse a todos os conceptos retributivos sen excepción”.

No apartado terceiro tamén recollen que todos os conceptos retributivos aumentaranse co índice do incremento establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Este incremento, en contra do que manifestou o voceiro do grupo provincial do PP, don Plácido Álvarez Dobaño, quen tamén ostenta o cargo de vicepresidente terceiro da Deputación de Ourense, “non lles resulta de aplicación aos cargos que desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial”, segundo determinou o secretario xeral da institución no seu informe referencia 2021/4566G

Por todo o exposto anteriormente, e atendendo ao que se recolle nos informes de Secretaría Xeral e Intervención con referencia 2021/4566G, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**: Dotar á Deputación Provincial de Ourense dunha partida orzamentaria dabondo para executar a suba salarial do persoal ao servizo desta institución, recollida na Lei 11/2020 de 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, e executar esta suba salarial nos termos recollidos na normativa vixente.

Sometida a votación a urxencia do tratamento da moción, esta **resulta rexeitada**, co voto a favor dos deputados e deputadas do Grupo Socialista (9), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), e o voto en contra da deputada non adscrita (1) e do Grupo Popular (12).

15°.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de marzo de 2021.

Os membros da Corporación quedan informados.

16°.- ROGOS E PREGUNTAS: Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Rogo formulado por Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Solicita a mellora dos pasos de peóns elevados na estrada OU-0519 ao seu paso pola localidade de San Lorenzo de Piñor, debido ao seu actual estado de deterioro, o cal xa foi trasladado ao servizo de vías de obras vía telefónica e por escrito.

O Sr. presidente dá lectura ao informe realizado pola directora da Área de Infraestruturas da Deputación no que se indica que a solicitude formulada polo concello de Barbadás deu lugar á

apertura dun expediente de dereito de petición. Engade que na actualidade o estado do paso elevado non é óptimo, se ben non se pon en risco a circulación, en todo caso nas vindeiras semanas as brigadas de vías e obras da Deputación procederán ao seu mantemento.

- Rogos formulados por Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Solicita en primeiro lugar que se executen os acordos adoptados por unanimidade na moción do pleno de xaneiro deste ano para habilitar prazas libre e gratuítas no aparcamento de titularidade provincial do CHUOU para enfermos crónicos. En segundo lugar solicita que se lles remita aos grupos a documentación comprometida polo presidente da comisión de Transparencia en relación co “hacking” sufrido pola Deputación Provincial. En terceiro lugar solicita copia das peticións formuladas polos voceiros dos grupos do BNG e de DO, e da deputada non adscrita, para asistir á reunión sobre os fondos next generation reallizada nesta Deputación.

O Sr. presidente contesta que lle dará traslado á solicitante da resposta de todas as cuestións formuladas nos seus rogos.

- Pregunta formulada por Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta porqué a Presidencia se negou a recibir á alcaldesa de Ribadavia nunha cita previamente pactada e condicionou esta a que estivese presente na reunión o vicepresidente segundo e anterior alcalde desa vila.

O presidente contesta que a alcaldesa de Ribadavia solicitou unha entrevista, para a que se fixou data e hora. Acudiu acompañada pola tenente alcalde, e cando entraron á reunión, a el o acompañaba o vicepresidente segundo, que ten ademais unhas competencias específicas na comarca do Ribeiro e que o acompaña sempre que vén algún alcalde ou alcaldesa desa comarca. Antes de comezar a reunión a alcaldesa realizou unha chamada telefónica, e quizás alguén tiña que explicar a quen chamou, e tras esa chamada indicou que se tiñan que marchar, e por esa razón a reunión non se realizou.

- Rogo formulado por Bernardo Varela (grupo do BNG): En primeiro lugar realiza o rogo ao deputado do grupo socialista Ignacio Gómez de que lle traslade a moción presentada por urxencia, pois aínda non a recibiu, e rógalle que noutras ocasións remita a moción que pretenda presentar pola vía de urxencia con maior antelación para poder coñecela. En segundo lugar solicita información sobre se existe algún avance na tramitación do expediente da estrada de San Vicente. En terceiro lugar manifesta que existe unha declaración institucional sobre a participación das EELL no reparto e distribución nos fondos de recuperación,

transformación e resiliencia, para seguidamente darlle lectura, e pregunta se procedería tomala en consideración neste pleno provincial.

O presidente indica que remitirá a información solicitada no rogo segundo, e respecto ao terceiro entende que ao formar parte a Deputación Provincial da FEGAMP, se entende que esta Administración e todos os grupos políticos dela asumen esa declaración institucional.

- Rogo formulado por Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pide que se lle dea traslado igualmente do informe sobre o estado de tramitación da estrada de San Vicente.

O presidente toma nota da petición.

- Rogo formulado por Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Responde en primeiro lugar respecto á petición realizada polo voceiro do BNG, indicando que pode tratarse dun erro e que en todo caso será remitida. Seguidamente indícalle ao secretario xeral que igualmente a moción será remitida ao correo electrónico de Secretaría.

Seguidamente, e en relación coa pregunta formulada sobre a entrevista entre o presidente e a alcaldesa de Ribadavia que non se chegou a realizar, sinala que seguirán a pedir democraticamente a realización desa reunión entre a alcaldesa do concello e o presidente da Deputación, lembrando que nese mesmo día o presidente realizou entrevistas con outros alcaldes e alcaldesas e non estivo presente o vicepresidente segundo nelas. Engade que o presidente terxiversa o que alí sucedeu, e lembra que ese día tanto a alcaldesa como a tenente alcalde lle sinalaron que non tiñan ningún inconveniente en reunirse co vicepresidente segundo as veces que fixera falta, pero que ese non era o obxecto desa reunión.

O presidente contesta en primeiro lugar que o deputado Ignacio Gómez non estaba alí, polo que non pode saber o que pasou, en segundo lugar que a tenente alcalde manifestou non ter ningún problema en manter a reunión en presenza do vicepresidente segundo e en terceiro lugar que a alcaldesa fixo unha chamada antes de tomar a decisión de non manter a reunión nesas condicións.

- Rogo formulado por Montserrat Lama (non adscrita): Diríxese ao voceiro do grupo socialista para indicarlle que lle parece intolerable enviar a moción de urxencia xustamente dous minutos antes de tomar a palabra, e non obstante mandan a nota de prensa dous minutos despois de adoptarse o acordo. Engade que isto non é facer política, isto é facer un circo.

- Rogo formulado por Armando Ojea (Democracia Ourensana): Toma a palabra para sinalar que a moción de urxencia presentada polo grupo socialista debера ser máis ben un rogo, e que senón se fixo antes será seguramente pola burocracia, polo que el aproveita para facer un rogo

ao goberno para que elimine trabas burocráticas e se poida aprobar a suba salarial aos funcionarios da Deputación canto antes.

- Rogo formulado por Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Responde en primeiro lugar ao portavoz de DO, indicándolle que se trouxo como moción porque o grupo popular manifestou publicamente que non ían aplicar a suba salarial aos empregados públicos da Deputación. Por último manifesta que se consegue que se realice a subida salarial traendo esta cuestión como formato de rogo, tamén o agradecerán.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO:

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/HHCEm5TlBPsqX6hvrfcXTWr5QbJ6KwdIGRBAWBr3kDkdXkwr.mp4>

SHA512

7c2de0c70664dd523e98161bd6c3cea50d08ceacba749a8fa01764e374da17486be3f56
8c1107a969661aac68afc008dddac5b26b25cec4f036c541749ec945

E, ás 15.25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

O Secretario Xeral
Documento asinado electrónicamente
mediante actuación administrativa
automatizada.
19/05/2021